

Mugardos, 10 de xuño de 2015

Estimados pais e nais:

Poñémonos en contacto con vostedes para ofrecerlles informacións sobre o final de curso e outros asuntos importantes de cara ao vindeiro curso como a xestión das axudas de libros de texto.

En primeiro lugar, comunicámoslles que as actividades lectivas rematarán o **18 de xuño**.

O venres, **19 de xuño**, desenvolveranse no centro as actividades de interese que pode ver no programa. Salientamos o acto de entrega do *IV Premio Estudo e Deporte*. Esa xornada o transporte escolar realizará os percorridos habituais a partir das 10:15 horas, para chegar ao centro sobre as 10:30 horas. Ese día non se pasarán faltas de asistencia, pero todo o alumnado da ESO que veña ao instituto ou empregue o transporte deberá permanecer no recinto ata a saída ou recollida en conserxería polos seus familiares.

**A entrega dos boletíns de notas realizarase o mércores, 24 de xuño**, a partir das 12:00 horas, nas aulas de referencia de cada grupo. Os alumnos/as poden vir acompañados polos seus pais. Lembrámoslles, asemade, que non existe transporte escolar para ese día nin para os exames de setembro. O profesorado estará ao longo desa mañá no centro para resolver calquera consulta ou dúbida sobre as cualificacións. **O prazo legal de reclamación abrangue desde o día 24 ata o 30 de xuño.**

### CALENDARIO FINAL DE CURSO

<b>19 de xuño</b>	<b>ACTO CULTURAL</b>	10:30 – 12:00	Actuacións, reprenstación teatral da obra <i>Derrota en Kioto</i> (4.º ESO e 1.º BAC)
		12:00 – 12:30	Recepción de autoridades.
		12:30 – 14:00	Gala de entrega do <i>IV Premio Estudo e Deporte</i>
<b>22 e 23 de xuño</b>			Avaliacións
<b>24 de xuño</b>	<b>Entrega das notas</b>	12:00	(titores/as nas aulas)
<b>Do 24 ao 30 de xuño</b>			Reclamacións

Para rematar, a dirección do centro, en nome do persoal non docente, do claustro e en especial dos titores/as, quere agradecerlles ás familias todo o seu interese e cooperación ao longo deste curso para acadarmos conxuntamente os obxectivos académicos e formativos dos seus fillos e fillas. As nosas portas fican sempre abertas na mellora permanente do servizo educativo do IES de Mugardos.

## **LIBROS DE TEXTO**

No vindeiro curso escolar 2015-2016 haberá dous procedementos no programa oficial de gratuidade de libros de texto, segundo o nivel da ESO. Por unha banda, o alumnado de 1.º e 3.º ESO poderá solicitar as **axudas para a adquisición de libros** a cargo dun vale. Por outra, o alumnado de 2.º e 4.º terá dereito a recibir os libros existentes no **fondo solidario** en función da renda per cápita familiar. Nun ou noutro caso, achegámoslle o impreso oficial para presentar no centro e a información de prazos e documentación necesaria.

É moi importante ser conscientes de que todo o alumnado beneficiario de axudas ten a obriga de devolver os libros de texto adquiridos con cargo ao vale do ano pasado. O incumprimento desta obriga é causa de exclusión do fondo solidario e das convocatorias de axudas para vindeiros cursos. A consellería iniciará un expediente de reintegro da axuda concedida para todos aqueles casos nos que non conste a devolución. Poderá atopar nesta comunicación os libros de texto que contan na base de datos a nome dos seus fillos e os prazos e condicións da devolución.

Á parte deste programa da Xunta, seguirá funcionando o **Banco de Libros** da ANPA para todas as familias de ESO e tamén Bacharelato que voluntariamente queiran entregar e recibir libros de texto. Estamos convencidos de que se todas as familias colaboran nesta iniciativa, ningún alumno do centro quedará sen unha boa parte dos libros de texto que necesite.

Ademais, o **Concello de Mugardos** vén realizando unha convocatoria de axudas para o ensino e o transporte con dous prazos de solicitude: unha na segunda quincena de xuño e outro no mes de outubro.

Por último, comunicámoslle que a listaxe de libros de texto por materias e cursos estará dispoñible na secretaría e na páxina web do centro a partir do 25 de xuño. Porén, adiantámoslle que haberá poucos cambios xa que a meirande parte dos departamentos didácticos decidiron continuar cos mesmos manuais.

## **Devolución dos libros utilizados este curso**

**PRAZO:** Se é posible, antes do 19 de xuño os libros das materias aprobadas nesta convocatoria. Quen teña algunha materia pendente poderá quedarse co libro correspondente ata que se examine na primeira semana de setembro.

Cremos que un bo momento será o **24 de xuño**, data a entrega das notas. A partir dese momento, o centro iniciará a reclamación segundo o procedemento oficial. No caso de non conseguirmos a entrega, ademais de perder os dereito a recibir unha nova axuda ou participar no fondo solidario, a consellería iniciará un expediente de reintegro da axuda concedida para todos aqueles casos nos que non conste a devolución.

**LUGAR:** Secretaría do centro.

**LIBROS:** Os libros a devolver son todos os adquiridos con cargo ao vale do curso 2014-2015 e deben estar en bo estado de conservación, de maneira que poidan ser reutilizados. Tamén se recollerán os libros que voluntariamente se cedan por parte do alumnado non beneficiario das axudas ou calquera outra persoa ou entidade.

Segundo a base de datos, estes son os libros que figuran ao seu cargo:





## Axudas libros

### Axudas para a adquisición de libros de texto

ALUMNADO: os que se matricule en **1.º e 3.º ESO** no curso 2015-2016.

PRAZO DE SOLICITUDE: - Do 25 de xuño ao 27 de xullo para os que se matriculen no prazo ordinario.  
- Do 2 de setembro ao 2 de outubro para os que se matriculen no prazo extraordinario.

LUGAR: Preferentemente no centro no que se realice a matrícula.

REQUISITOS: - Renda per cápita familiar igual ou inferior a 9000 euros.  
- Ter devoltos os libros de texto e/ou o material reutilizable adquirido coas axudas do curso 2014/2015.

DOCUMENTACIÓN: - Impreso oficial.  
- Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.  
- Acreditacións en casos especiais (separación ou divorcio; minusvalía; violencia de xénero).

CONTÍAS:

Familias monoparentais:

- Renda per cápita familiar ata 6.000,00 €: 180 €.
- Renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 9.000,00 €: 104 €.

Resto das familias:

- Renda per cápita familiar ata 5.400,00 €: 180 €.
- Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000,00 €: 104 €.



## Fondolibros

### Fondo Solidario de libros de texto

ALUMNADO: os que se matriculen en **2.º e 4.º ESO** no curso 2015-2016.

**En caso de dúbida sobre o nivel que cursará o seu fillo/a porque aínda depende da convocatoria de setembro, é importante que presente a solicitude do Fondo Solidario antes do prazo sinalado.**

PRAZO DE SOLICITUDE: - Do 2 ao 30 de xuño.

LUGAR: Preferentemente no centro no que se realice a matrícula.

REQUISITOS: - Ter devoltos os libros de texto e/ou o material reutilizable adquirido coas axudas do curso 2014/2015.

DOCUMENTACIÓN: - Impreso oficial.

A presentación da solicitude implicará que o/a solicitante acepta as bases da convocatoria, manifesta que reúne os requisitos esixidos nela e que son veraces os datos que constan na solicitude; que se compromete a conservar os libros de texto e material recibidos en bo estado, e a devolvelos ao fondo solidario de libros de texto ao finalizar o curso 2015/16.

As listas provisionais das solicitudes admitidas publicaranse o 7 de xullo. O 8 e 9 de xullo será o prazo de reclamación.

**Os días 16 e 17 de setembro procederase á entrega dos libros en función da renda per cápita das solicitudes validadas polo centro.**

De necesitar máis información pode dirixirse ao centro ou consultar a páxina da consellería:  
<http://www.edu.xunta.es/web/gratuidadesolidaria2015>



[anpaocastro@hotmail.com](mailto:anpaocastro@hotmail.com)

# Banco de libros de texto

Iniciativa  
altruísta  
para as familias  
do alumnado  
do IES Mugardos



**R**educe gasto,

**R**eutiliza libros,

**R**ecicla materiais.



Este ano haberá dúas liñas de préstamo:

- O FONDO SOLIDARIO, que dependerá do IES. Aquí estarán os libros que se mercaron o ano pasado coas axudas da Xunta.
- O BANCO DE LIBROS, que dependerá da ANPA. Estarán os que vós deixedes voluntariamente.

Un dos motivos de estaren separados é que o IES non pode empezar a repartir os libros do fondo solidario ata setembro, e terá que facelo en orde inversa á renda; mentres que a ANPA comezará a repartir os exemplares dispoñibles do BANCO DE LIBROS a partir do 29 de xuño.

## DEPÓSITO:

- Os libros depositaranse en conserxería nunha bolsa co nome do alumno/a.
- O IES comprobará que estean os libros comprados co cheque da Xunta e pasaraos ao FONDO SOLIDARIO, o resto quedará no BANCO DE LIBROS.

## SOLICITUDE:

- As familias que soliciten exemplares do BANCO DE LIBROS para calquera curso da ESO ou bacharelato terán que **apuntarse nunha lista que a tal fin haberá en conserxaría.**

## REPARTO:

- Terán preferencia de préstamo aqueles alumnos/as que depositen libros (ou que os teñan prestado directamente a outros alumnos), agás o alumnado de 1º de ESO.
- Non se pode garantir que reciban libros todos aqueles alumnos que depositen os seus, sobre todo nos cursos máis numerosos. Neste caso intentarase repartir, sen que ninguén leve o lote completo.

**Apelamos á vosa xenerosidade para que entre todos: BANCO, FONDO, axudas da Xunta e axudas do Concello poidamos conseguir o máximo aforro.**

**Tamén pedimos que os que teñades dereito, fagades uso do cheque das axudas para poder aumentar o fondo de libros**

Prégase aos alumnos, que na medida do posible non se pinten os libros: pódese subliñar en lapis, os corazóns non son necesarios, o nome chega con escribilo unha vez....